



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: JMCA

Expediente núm. 2021/E001/000012

DECRETO DA CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, INDUSTRIA E EMPREGO

ANTECEDENTES DE FEITO

1. Este concello conta con unha orientadora laboral (persoal laboral indefinido non fixo, situación declarada así por sentenza xudicial) que se atopa de baixa por incapacidade laboral temporal (IT) e que se presume de longa duración; situación á que seguirán, con toda probabilidade, outras que implican reserva do posto de traballo durante varios meses.
2. O concello solicitou unha achega económica ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2021 (código do procedemento TR331A), que impón determinadas condicións na selección, relativos ás persoas aspirantes propostas para a contratación (obtención dunha puntuación mínima dentro dun baremo de méritos que establece a propia Orde).
3. Providencia de inicio do proceso selectivo ditada o 23/08/2021 polo alcalde en funcións ao abeiro do Decreto núm. 1323/2021, do 22 de xullo (BOP núm. 140, do 27/07/2021).
4. Proposta de bases reguladoras do proceso selectivo, subscrita pola alcaldesa en funcións en data 25/08/2021. As ditas bases establecen como sistema de selección o de concurso-oposición libre, con dous exercicios obrigatorios, o primeiro deles eliminatorio.
5. En data 25/08/2021 o técnico de administración xeral (TAX) encargado da tramitación do procedemento emitiu un informe xurídico favorable.
6. Pola súa vez, o interventor accidental evacuou o informe de fiscalización núm. 339/2021, do 25 de agosto, emitido en sentido favorable.
7. Mediante o Decreto 1424/2021, do 26 de agosto, da alcaldesa en funcións, acordouse convocar o proceso selectivo e aprobáronse as súas bases reguladoras.
8. O anuncio da convocatoria foi publicado no *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña (BOP) núm. 163, do 27/08/2021.
9. O prazo de presentación de solicitudes iniciouse o 28 de agosto e concluíu o 3 de setembro de 2021.

FUNDAMENTOS LEGAIS

A base núm. 3 das que rexen a convocatoria establece que, logo de rematado o prazo de presentación de solicitudes a concelleira-delegada de Área ditará no prazo máximo de cinco días naturais unha resolución aprobatoria da lista provisional de persoas aspirantes ou excluídas, con indicación, de ser o caso, da causa de exclusión, e outorgando un prazo de **cinco (5) días** para presentar reclamacións ou emendar defectos nos termos da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Na



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: JMCA

resolución deben identificarse as persoas aspirantes que achegaron o Celga 4 ou equivalente, para os efectos de declarar a innecesiedade de efectuar a proba específica de lingua galega. E o último inciso da dita bases engade que, de non existir persoas excluídas, non se concederá prazo de reclamacións e a lista provisional elevarase a definitiva.

Á vista das solicitudes presentadas e da documentación achegada, algunhas das persoas aspirantes deben ser inicialmente **excluídas**.

A Alcaldía é, en principio, o órgano competente para ditar a presente resolución en virtude da atribución conferida ao alcalde polo artigo 21.1, letras g) e h) da LRBRL. Porén, tal competencia foi atribuída á concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego mediante o Decreto núm. 993/2019, do 24 de xuño (BOP núm. 121, do 28/06/2019).

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

1. Aprobar a relación provisional de persoal aspirante ao proceso selectivo encamiñado á selección dun/ha técnico/a de orientación laboral (persoal laboral temporal)

a) Persoas aspirantes **admitidas**:

APELIDOS E NOME	DNI (cifrado)	CELGA 4 (*)
Sequeiro Graña, Cristina	*** 7189 **	SI
Cereijo Romero, Sandra	*** 1449 **	SI
Barro Rochela, Natalia María	*** 6520 **	SI
Pereira Rodríguez, María	*** 8007 **	SI
Villares Balsa, Eva (**)	*** 7632 **	SI
Viñán López, Miriam	*** 8323 **	SI
Bouza Naseiro, M ^a Pilar	*** 9690 **	SI

(*) Nesta columna reflíctese se presentaron ou non o CELGA 4 ou equivalente

(**) Non se presenta informe de vida laboral para acreditar a experiencia profesional

b) Persoas aspirantes **excluídas**:

APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO	CELGA 4 (*)
Agromartín Vázquez, Noelia (**)	***4463**	-Non achega DNI -A declaración de cumprimento dos requisitos esixidos que presenta non se axusta ao modelo establecido nas bases da convocatoria.	SI
Lamas Beceiro, Mónica (***)	***1162**	Non achega declaración de cumprimento dos requisitos	SI



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: JMCA

		esixidos nas bases da convocatoria.	
Cabarcos Ramil, María Teresa	***1345**	Non achega declaración de cumprimento dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria.	SI
Regueiro Pérez, María Dolores	***6978**	Non achega declaración de cumprimento dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria.	SI
Díaz Felpeto, Ana	***7172**	A declaración achegada non se axusta ao modelo establecido nas bases da convocatoria.	SI
Del Cura San Juan, Elena	***1185**	Non achega declaración de cumprimento dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria.	SI
Souto Villa, Carmen	***3762**	Presenta copia soamente do anverso da titulación. Deberá achegar o reverso do título.	SI
López Muíño, Almudena	***0247**	-Non achega DNI -Non presenta declaración de cumprimento dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria.	SI

- (*) Nesta columna reflíctese se presentaron ou non o CELGA 4 ou equivalente
(**) Non se presenta informe de vida laboral para acreditar a experiencia profesional
(***) O informe de vida laboral que se achega non está actualizado

2. Conceder un prazo de **cinco (5) días hábiles** -contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico)- para presentar **reclamacións e/ou emendar defectos indicados como causa de exclusión**. Neste período poderase achegar tamén a documentación xustificativa dos méritos alegados (concretamente, informes de vida laboral das aspirantes que se identifican) que non se xuntou coa solicitude, tanto no caso da aspirante admitida como das excluídas.

O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, de conformidade coas bases da convocatoria, polo que, aínda no caso de se presentaren ao proceso selectivo, e mesmo superalo, se se comproba que non posúen algún dos requisitos decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no procedemento.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: JMCA

3. Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico), tal e como dispoñen as bases da convocatoria, e na páxina *web* municipal.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura electrónica

A concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños